

PROGRAMACIÓN MÚSICA

2º e 4º E.S.O

I.E.S. SALVATERRA DE MIÑO

Curso 2022-2023

1. Introdución
2. Contextualización
3. Competencias clave: Contribución da materia ó seu desenvolvemento en ESO e Bacharelato
4. Obxectivos Xerais ESO e Bacharelato
5. Contidos por curso e relación cos estándares de aprendizaxe avaliábeis.
6. Criterios de avaliación
7. Contidos mínimos esixíbeis.
8. Instrumentos e procedementos de avaliación
9. Criterios de cualificación
10. Pláns de reforzo e recuperación de materias pendentes para E.S.O. e Bacharelato
11. Metodoloxía e didáctica
12. Materiais e recursos didácticos
13. Medidas de atención á diversidade
14. Contribución da área de música ao Plan Lector en ESO
15. Contribución ás novas tecnoloxías (TICS)
16. Actividades complementarias e extraescolares
17. Criterios para avaliar a programación e a propia docencia
18. Seccións bilingües Música 2º e 4º da E.S.O.
19. Comunicación Audiovisual e 2º Bacharelato

1. Introducción

1.1. Xustificación da programación

A elaboración desta programación é unha necesidade de capital importancia, pois ha de servir de guía no proceso de ensino-aprendizaxe. Para que este proceso conclúa con resultados satisfactorios, é necesario que se especifiquen previamente os obxectivos, e planifíquese dunha forma sistemática e estruturada o proxecto de etapa. Para iso é necesario atender aos seguintes aspectos: os contidos que deben aprender os alumnos, a metodoloxía que se vai a aplicar e os materiais cos que se conta para conseguir os obxectivos expostos. Ademais destes elementos, tamén se terán en conta as medidas de atención á diversidade do alumnado, así como o desenvolvemento das competencias básicas e os criterios de avaliación, co fin de configurar un Proxecto Curricular que se axuste ás necesidades e á meta educativa que perseguimos para os nosos alumnos.

1.2. Contextualización

O Departamento de Música do IES Salvaterra de Miño, imparte aulas da mencionada materia en 2º e 3º da ESO con carácter obrigatorio, e como materia optativa no 4º da ESO. Así mesmo imparte aulas de Linguaxe e Práctica Instrumental en 1º de Bacharelato e Historia da Música e a Danza e Comunicación Audiovisual en 2º Bacharelato como materias optativas.

Dende o curso 13/14 o departamento conta con Sección bilingüe de música que no presente curso abranguerá un grupo de 2º da ESO, dous grupo de 3º da ESO e un grupo de 4º da ESO.

O departamento conta con dous profesores con destino definitivo no centro dende o curso 20/21, ambos con habilitación para impartir Seccións Bilingües polo que a profesora Dña. Eva Fernández impartirá clase ao grupo de 3º da ESO e os demais serán impartidos por D. Fernando Abreu.

As aulas de Música no IES Salvaterra de Miño desenvólvense na aula específica da que dispón o centro. Esta aula dispón de boas condicións de luz natural (excesivas por díasas). Non obstante presenta graves problemas acústicos que afectan ao correcto desenvolvemento das actividades da propia aula como das aulas veciñas, creándose unha grande contaminación acustica en todo o edificio.

Ademais da aula específica de música o departamento tamén imparte aulas na Aula de Audiovisuais do centro cando os dous profesores da materia imparten docencia no mesmo horario. Do mesmo xeito e dende o curso 2008/09 o departamento encargouse do coidado e mantemento do Laboratorio de Audiovisuais, o cal deixou de existir este curso debido a obras realizadas no centro.

Un ano mais preséntase o problema da falta dunha segunda aula específica dotada de material específico par impartir aulas nas horas onde se simultanean os dous profesores da materia.

1.3. Libros de texto

Como nos últimos anos o departamento no existe ningún libro de texto obrigatorio. Para o presente curso os profesores darán apuntamentos sobre os apartados teóricos e utilizaranse os libros de texto dos que dispón o departamento que cederá en prestamo ós alumnos si o considera oportuno.

O curso 20/21 o centro comezou a ser centro Dixgal e este curso teremos Dixgal en toda a ESO, polo cal se empregarán os recursos de dita plataforma.

No 2º e 3º da ESO pode ser obrigatoria a utilización da Frauta doce como instrumento de aula propio dos alumnos si o profesor que imparte a materia así o decide.

No Bacharelato nas materias de Música: Linguaxe e Práctica Musical e na de Historia da Música e a Danza no haberá libro de texto e se traballará directamente con apuntamentos e material entregado polo propio profesor nas aulas.

No curso 20/21 incorporamos o traballo co Ukeleles que serán de propiedade do alumnado para a práctica instrumental en tódolos niveis educativos onde se imparta a materia.

Para a realización da presente programación do departamento de Música do IES Salvaterra de Miño tomáronse como referencia os proxectos curriculares para a materia elaborados por varias editoriais, así coma materiais realizados polo propio departamento, facendo unha escolla daqueles mais apropiados as características propias do noso centro e do noso proxecto curricular.

1.4. Membros do departamento

- Fernando Abreu Fernández, profesor de ensino secundario con destino definitivo no centro.

- Eva Fernández Domínguez, profesora de ensino secundario con destino definitivo no centro.

1.5. Xefa do Departamento

- Eva Fernández Domínguez

1.6. Cursos e materias que imparte cada profesor/a

1.6.1. ESO

- Fernando Abreu imparte a materia de Música en 2º da ESO, 3º de ESO, 4º de ESO, 2º de Bach e Comunicación Audiovisual.
- Eva Fernández Domínguez, imparte Música en 2ºda ESO, 3º da ESO, nos grupos non bilingües de 2º e 4º da ESO e LPM en 1º de Bacharelato.

1.6.2. Bacharelato

- Fernando Abreu imparte Historia da Música e da Danza en 2º de Bacharelato, onde tamén imparte a optativa propia do centro Comunicación Audiovisual nos dous grupos.
- Eva Fernández imparte Linguaxe e Práctica Instrumental nun grupo de 1º de Bach.

1.7. Reunión do departamento

Non dispomos dunha hora específica asignada para a reunión do departamento dos profesores da materia así que estas realizaranse dentro do horario de permanencia no centro no que coincidamos os dous profesores da materia sen docencia nin outras reunións.

2. Contextualización

2.1. Marco Legal

Esta programación articúlase en torno ós criterios preceptivos expresados no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

2.2. Obxectivos marco da programación

Atendendo de xeito específico ó contexto descrito a programación impónse como obxectivo marco as seguintes liñas de traballo:

- Favorecer un ocio e unha convivencia de calidade ó redor da cultura coma referencias dun estilo de vida saudable.
- Dar a coñecer as diferentes propostas musicais que se ofertan na comarca, mellorar a participación do alumnado e o aproveitamento dos recursos culturais.
- Identificar o feito cultural como elemento indispensable na mellora do territorio e na construción dunha identidade procomún.
- Pór en contacto os nosos alumnos coa realidade cultural europea e internacional na actualidade como elemento de control que favorece o noso desenvolvemento e a

valorización do noso propio acervo.

- Introducir novas dinámicas culturais de socialización que permitan establecer diálogo e xerar redes de integración europeas.
- Manter asimesmo un contacto vivo e enriquecedor coas diferentes institucións educativas de música na contorna e especialmente coas escolas de música e agrupacións musicais do concello e os colexios de primaria.
- Favorecer un desenvolvemento persoal rico que integre experiencias artísticas conectadas.
- Introducir dinámicas de profesionalización e de excelencia no desenvolvemento dun sector cultural da contorna entendido como motor económico en competencia nun mercado globalizado.
- Introducir formas de vida sostibles e respetuosas co medio ambiente é o principal reto que afronta esta xeración. Introducir propostas culturais que teñan incorporada esta reflexión coma punto de partida pode ser, na medida en que a cultura e a música son formas principais de socialización, elementos de reflexión e debate que artellen rutinas beneficiosas e provoquen significativos progresos para a comarca.

3. Competencias clave: Contribución da materia ó seu desenvolvemento en ESO e Bacharelato

Son competencias, as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

Son sete as competencias que a LOMCE considera básicas. Ó seu desenvolvemento contribúe a materia de música do modo que a continuación se describe.

3.1. Competencia Conciencia e Expresión Cultural - CCEC.

- Fomenta a capacidade de apreciar, comprender e valorar críticamente diferentes manifestacións culturais e musicais, a través de experiencias perceptivas e expresivas e do coñecemento de músicas de diferentes culturas, épocas e estilos.
- Potencia actitudes abertas e respectuosas e ofrece elementos para a elaboración de xuízos fundamentados respecto das distintas manifestacións musicais, establecendo conexións con outras linguaxes artísticas e cos contextos social e histórico aos que se circunscribe cada obra.
- Permite adquirir habilidades para expresar ideas, experiencias ou sentimentos de forma creativa, especialmente presentes en contidos relacionados coa interpretación, a improvisación e a composición, tanto individual como colectiva, que á súa vez estimulan a imaxilnación e a creatividade. Por outra banda, unha mellor comprensión do feito musical permite a súa consideración como fonte de pracer e enriquecemento persoal.

3.2. Competencia Sentido da Iniciativa e Espírito Emprendedor- CSIEE

- Desenvolve a capacidade para traballar colaborativamente e a habilidade para planificar e xestionar proxectos. A interpretación e a composición son dous claros exemplos de actividades que requiren dunha planificación previa e da toma de decisións para obter os resultados desexados.
- Desenvolve capacidades e habilidades tales como a perseveranza, a responsabilidade, a autocrítica e a autoestima (de forma moi especial en actividades relacionadas coa interpretación instrumental e ou vocal)

3.3. Competencia Social e Cívica – CS

- Fomenta unha socialización de calidade ó redor do feito cultural.
- Colabora na adquisición de habilidades para relacionarse cos demais. Dá oportunidades de expresar ideas propias, valorar as dos demais e coordinar as propias accións coas dos outros integrantes do grupo responsabilizándose na consecución dun resultado.
- Favorece a comprensión de diferentes culturas e formas de vida, un mellor coñecemento do outro, a súa valoración e respecto.

3.4. Competencia Dixital - CD

- Posibilita o coñecemento e dominio básico do «hardware» e o «software» musical, dos distintos formatos de son e de audio dixital ou das técnicas de tratamento e gravación do son así como a produción de mensaxes musicais, audiovisuais e multimedia.
- Favorece, así mesmo, o seu aproveitamento como ferramenta para os procesos de autoaprendizaxe e a súa posible integración nas actividades de lecer.
- Se potencian destrezas relacionadas co tratamento da información aínda e a reflexión sobre o uso de produtos musicais e a súa relación coa distribución e os dereitos de autor.

3.5. Competencia para Aprender a Aprender - CAA

- Potencia capacidades e destrezas fundamentais para a aprendizaxe guiada e autónoma como a atención, a concentración e a memoria, á vez que desenvolve o sentido da orde e da análise.
- Introduce a reflexión sobre a motivación, as propias posibilidades, a autoconfianza e a aprendizaxe autónoma a través de obxectivos cuia consecución se dilata no tempo.

3.6. Competencia en Comunicación Lingüística - CCL

- Enriquece os intercambios comunicativos e á adquisición e uso dun vocabulario musical e expresivo básico. Tamén colabora á integración da linguaxe musical e a linguaxe verbal, e á valoración do enriquecemento que dita interacción xera.

3.7. Competencia Matemática e Competencia básica en Ciencia e Tecnoloxía - CMCCT

- Co fin de xerar hábitos saudables, reflexiona sobre a calidade do ocio e do medio ambiente, o exceso de ruído, a contaminación sonora e o uso indiscriminado da música.
- Favorece o uso correcto da voz e do aparello respiratorio previndo problemas de saúde.
- Favorece o coñecemento de procesos físico-acústicos e matemáticos que se agochan detrás musical, e a través das tecnoloxías musicais e a programación e o deseño sonoro introduce novas aplicacións das matemáticas na vida cotiá.

4. Obxectivos Xerais ESO e Bacharelato

4.1. Obxectivos xerais da materia de Música en ESO:

Son obxectivos xerais nesta etapa favorecer:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

4.2. Obxectivos xerais da materia de Música en Bacharelato: Linguaxe e Práctica Musical e Historia da Música e da Danza.

As materias de música contribuirán a desenvolver no alumnado de BACHARELATO as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da

Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacíficamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- h) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- i) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- o) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

4.3. Obxectivos específicos da materia de Música:

a) A adquisición dun vocabulario que permita a descrición de fenómenos musicais.

b) A comprensión da linguaxe musical como medio de expresión artística.

c) O desenvolvemento dunha sensibilidade cara á expresión musical e o entendemento da música como un fenómeno imbricado na historia e na sociedade.

d) Desenvolver unha reflexión sobre a perspectiva de xénero na sociedade e a influencia da cultura e da música na súa conformación. Ademais, o ensino da Música nesta etapa terá como finalidade o desenvolvemento das seguintes capacidades:

- Utilizar a voz, o corpo, obxectos, instrumentos e recursos tecnolóxicos para expresar ideas e sentimentos, enriquecendo as propias posibilidades de comunicación e respectando outras formas distintas de expresión.

- Desenvolver e aplicar diversas habilidades e técnicas que posibiliten a interpretación (vocal, instrumental e de movemento e danza) e a creación musical, tanto individuais como en grupo.

- escoitar unha ampla variedade de obras, de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, apreciando o seu valor como fonte de coñecemento, enriquecemento intercultural e pracer persoal e interesándose por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.

- Recoñecer as características de diferentes obras musicais como exemplos da creación artística e do patrimonio cultural, recoñecendo as súas intencións e funcións e aplicando a terminoloxía apropiada para describilas e valoralas críticamente.

- Utilizar de forma autónoma diversas fontes de información medios audiovisuais, Internet, textos, partituras e outros recursos gráficos para o coñecemento e goce da música.

- Coñecer e utilizar diferentes medios audiovisuais e tecnoloxías da información e a comunicación como recursos para a produción musical, valorando a súa contribución ás distintas actividades musicais e á aprendizaxe autónoma da música.

- Participar na organización e realización de actividades musicais desenvolvidas en diferentes contextos, con respecto e disposición para superar estereotipos e prexuizos, tomando conciencia, como membro dun grupo, do enriquecemento que se produce coas achegas dos demais.

- Comprender e apreciar as relacións entre a linguaxe musical e outras linguaxes e ámbitos de coñecemento, así como a función e significado da música en diferentes producións artísticas e audiovisuais e nos medios de comunicación.

- Elaborar xuízos e criterios persoais, mediante unha análise crítica dos diferentes usos sociais da música, sexa cal for a súa orixe, aplicándoos con autonomía e iniciativa a situacións cotiás e valorando a súa contribución á vida persoal e á da comunidade.

- Valorar o silencio e o son como parte integral do medio ambiente e da música, tomando conciencia dos problemas creados pola contaminación acústica e as súas consecuencias.

5. Contidos por curso e relación cos estándares de aprendizaxe avaliáveis.

5.1. Que son Contidos (C) e estándares de aprendizaxe avaliáveis (MUB). bloques de contidos na ESO.

Son contidos o conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias. Por Estándares de aprendizaxe avaliáveis entendemos especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber.

No DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, establécese o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, defínense catro grandes bloques de contidos básicos relacionados así como os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliáveis relacionados:

- Bloque 1. Interpretación e creación: Integra a expresión instrumental, vocal e corporal coa improvisación e a composición musical, o que permitirá aos estudantes participar da música dunha forma activa, como músicos.

- Bloque 2. Escoita: Pretende crear a primeira actitude fundamental cara á música e dotar ao alumnado das ferramentas básicas para gozar da mesma a través da audición e comprensión do feito musical.

- Bloque 3. Contextos musicais e culturais: Relaciona a música coa cultura e a historia, dá a coñecer o valor do patrimonio musical español e insignia a identificar o estilo e as características distintivas da música que delimitan cada un dos períodos históricos básicos.

- Bloque 4. Música e tecnoloxías: Pretende abarcar o coñecemento e a práctica da interacción entre música e novas tecnoloxías. Estes aspectos teñen especial importancia debido á proximidade que as tecnoloxías teñen na vida cotiá do alumnado, polo que se pretende crear unha vinculación entre a linguaxe tecnolóxica que utilizan habitualmente e a música dentro da aula.

5.2. 2º E.S.O. – Contidos (C) e Estándares de Aprendizaxe Avaliables (MUB)

5.2.1. Bloque 1: Interpretación e creación

C/B1.1. Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical

C/B1.2. Características da voz e da palabra como medios de expresión musical. Habilidades técnicas e interpretativas, exploración e descuberta das posibilidades da voz como medio de expresión musical.

C/B1.3. Instrumentos e corpo como medios de expresión musical: características xenéricas e formais.

C/B1.4. Agrupacións vocais e instrumentais na música de diferentes xéneros, estilos e culturas. Interpretación individual e en grupo.

C/B1.5. Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación. C/B1.6. Fomento da sensibilidade estética, desenvolvida a través da comprensión e a interiorización da música.

MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada. CCEC/CCL

MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais. CMCCT/CCEC

MUB1.1.3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias./ CMCCT/ CCEC

B1.2. Emprega elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).

MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). CCEC

C/B1.8. Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación.

C/B1.9. Experimentación e práctica das técnicas do movemento e da danza, expresión dos contidos musicais a través do corpo e do movemento, e a interpretación dun repertorio variado de danzas.

MUB1.3.1. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns./ CAA/ CCEC

MUB1.3.2. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías./ CAA/ CCEC

C/B1.10. Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á

director/a e aos/ás demais intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.

C/B1.11. Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.

C/B1.12. Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión.

MUB1.4.1. Aмосa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos./ CAA/ CCEC

MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz./ CCEC

MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación./ CCEC

MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel./ CCEC

MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público. / CAA/ CCEC

C/B1.13. Improvisación, elaboración de arranxos e composición como recursos para a creación musical en todas as súas vertentes; elaboración de arranxos de cancións e pezas instrumentais, con acompañamentos sinxelos e selección de distintos tipos de organización musical.

C/B1.14. Composición individual ou en grupo de cancións e pezas instrumentais para distintas agrupacións, a partir da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das actividades que se realizan na aula.

MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas. CAA/ CCEC

MUB1.5.2. Aмосa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras. / CSIEE

C/B1.15. Práctica de pezas musicais aprendidas a través da memorización e da lectura de partituras.

C/B1.16. Sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal, e danza e imaxes fixas e en movemento na realización de producións audiovisuais.

MUB1.6.1. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel. CCEC

MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais

e danzas do patrimonio español e galego. CCEC

MUB1.6.3. Aмосa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras. CSC

MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo./ CSC

MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa./ CSIEE

5.2.2. Bloque 2. escoita

C/B2.1. Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada. C/B2.2. Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais.

C/B2.3. Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos, e das agrupacións vocais e instrumentais.

MUB2.1.1. Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces./ CCEC

MUB2.1.2. Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais. / CCEC

C/B2.4. Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica, etc.

MUB2.2.1. Sigue partituras como apoio á audición. / CCEC

C/B2.5. Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto ás demais persoas durante a escoita.

MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición./ CSC

C/B2.6. Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e composicións realizadas na aula. Investigación de músicas de distintas características para ampliar as propias preferencias musicais.

MUB2.4.1. Describe os elementos das obras musicais propostas. CCL/ CCEC

MUB2.4.2. Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical.

CCEC MUB2.4.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e

opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade. CCL

C/B2.7. Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora.

MUB2.5.1. Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música./ CSC

MUB2.5.2. Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica./ CSIEE/ CD

5.2.3. Bloque 3. Contextos musicais e culturais

C/B3.1. A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.

C/B3.2. Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais.

MUB3.1.1. Recoñece, crea e interpreta distintas manifestacións da danza.

MUB3.1.2. Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade.

C/B3.3. Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais.

MUB3.2.1. Aмосa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva.

C/B3.4. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.

C/B3.5. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores/as, concertos e producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas.

MUB3.3.1. Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego/ CCEC

MUB3.3.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego./ CCEC

MUB3.3.3. Coñece e describe os instrumentos tradicionais españois e galegos. / CCEC

MUB3.3.4. Contribúe á conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida, na gravación e na transcrición de pezas. / CCEC/ CSIEE

C/B3.6. Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións.

MUB3.4.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepción e coñecementos musicais / CCL

MUB3.4.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade./ CCL

C/B3.7. Música actual: novas tendencias; concertos en directo.

MUB3.5.1. Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións./ CD

MUB3.5.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias./ CAA

5.2.4. Bloque 4. Música e tecnoloxías

C/B4.1. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos da internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.

C/B4.2. Aplicación de técnicas de gravación analóxica e dixital, para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.

C/B4.3. Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical. C/B4.4. Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e gravación de pezas musicais.

C/B4.5. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.

MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical./ CD

MUB4.1.2. Participa na produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías./ CD/ CSIEE/

B4.6. O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela.

MUB4.2.1. Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical./ CD

5.2.5 Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliáveis

CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

1 INTERPRETACIÓN E CREACIÓN				
Estándar de Aprendizaxe avaliábel	Temporalización	Grao mínimo de consecución para superar a materia	Procedementos e instrumentos de avaliación	C. Clave
<p>MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.</p> <p>MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.</p> <p>MUB1.1.3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias.</p> <p>MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e</p>	<p>1ª avaliación Lectura en clave de sol ata 1ª liña adicional Uso de brancas, negras e corcheas e silencios. matices p e f Recoñecemento de compases binarios, ternarios ou cuaternarios lectura en compases binarios Uso de indicadores Adagio e Allegro. Ditados rítmicos en 2/4, usando brancas, negras, e corcheas. Ditados melódicos usando la3, mi3 e sol3</p> <p>2ª avaliación Lectura en clave de sol ata 1ª liña adicional. Uso de brancas, negras e corcheas e silencios. Uso do puntiño de prolongación. matices p e f. Uso de matices e efecto eco Lectura de compases binarios, ternarios ou cuaternarios do anterior. lectura en compases binarios Uso de indicadores Adagio e Allegro. Ditados rítmicos en 2/4 e ¾ usando brancas, negras, corcheas, puntiño en brancas e negras. Ditados melódicos empregando as notas de do3, a sol3</p> <p>3ª avaliación Lectura con soltura no pentagrama en clave de sol até a segunda liña adicional por encima e</p>	<p>Lectura con soltura no pentagrama en clave de sol entre do4 e mi5, empregando compases de 2/4, ¾ e C, con figuracións de redonda, branca, negra, corchea e semicorchea, silencios correspondentes. Uso do tresillo de corcheas en pulso de negra. Uso do puntiño de prolongación en brancas, negras e corcheas. Respectar nas interpretacións as indicacións de matices, p, f e mf. Medir seguindo as indicacións de compases binarios, ternarios, cuaternario de subdivisión binaria. Respectar o uso dos indicadores de tempo seguintes. Adagio, Andante, Moderato, Allegro.</p>	<p>Probas de recoñecemento dos elementos dados.</p> <p>(Exame escrito, 40%)</p> <p>Lecturas sinxelas que respecten os elementos dados, con previa preparación por parte do alumnado. Interpretación ante o instrumental Orff de partituras onde aparezan os elementos indicados.</p> <p>(Exame práctico, 40%)</p> <p>Ditados feitos na clase onde aparezan os elementos indicados.</p> <p>(Observación traballo diario, 20%)</p>	<p>CCEC CCL CMCT</p>
<p>matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).</p>	<p>por abaixo empregando compases de 2/4, ¾ e C, con figuracións de redonda, branca, negra, corchea e semicorchea, silencios correspondentes. Uso do tresillo de corcheas en pulso de negra. Uso do puntiño de prolongación en brancas, negras e corcheas. Interpretar segundo indicacións de matices, p, f e mf. Uso das indicacións de compases binarios, ternarios, cuaternario de subdivisión binaria. Uso dos indicadores de tempo seguintes. Adagio, Andante, Moderato, Allegro. Uso dos indicadores de agónica rit. (ritardando) e accel. (acelerando) Facer ditados sinxelos usando as figuracións coñecidas e as notas da escala pentátona de do.</p>			
<p>MUB1.3.1. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.</p>	<p>1ª avaliación Comprensión dos conceptos de repetición, imitación e contraste. 2ª avaliación Recoñecemento en obras propostas destes tres procedementos. Enumeración das características destes dous tipos de formas. 3ª avaliación. Creación de obras sinxelas (8, 16 ou 24 compases) nas que se empreguen os procedementos compositivos coñecidos.</p>	<p>Comprensión dos conceptos de repetición, imitación e contraste. Recoñecemento en obras propostas destes tres procedementos.</p>	<p>Ensaio e participación en audicións onde se apliquen estes contidos.</p> <p>(Observación traballo diario, 20%)</p>	<p>CCEC CAA</p>
<p>MUB1.3.2. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e</p>	<p>1ª avaliación Facer ostinatos empregando escalas pentatónicas. Facer exploracións sonoras cos instrumentos da aula.</p>	<p>Fai ostinatos Modifica eses ostinatos de tal xeito que se manteña as estrutura rítmica principal e a harmonía Fai exploracións sonoras a partir dos</p>	<p>Ensaio e participación en audicións onde se apliquen estes contidos.</p> <p>(Observación traballo diario, 20%)</p>	<p>CCEC CAA</p>

coreografías.	2ª avaliación Combinar ostinatos logrando facer polirritmias sen que se perda o pulso. Exploracións con materiais sonoros non musicais. 3ª avaliación Modificar eses ostinatos de tal xeito que se manteña a estrutura rítmica principal e a harmonía Facer exploracións sonoras a partir dos materiais na clase, non exclusivamente instrumentos logrando creacións sonoras.	materiais na clase, non exclusivamente instrumentos logrando creacións sonoras.		
MUB1.4.1. Aмосa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.	Todas as avaliacións. É este un labor en que a progresividade ben dada pola dificultade na súa consecución. Hai que procuralo desde o inicio de curso, e non deixar de vixiar a súa consecución até o final.	Amosa interese pola correcta técnica de execución do instrumento que lle corresponde. Valora a mellora sonora que supón a técnica correcta. (En xeral para todos os instrumentos a flexibilidade nas monecas, coller os instrumentos permitindo o máximo de vibracións e ombreiros relaxados) Responsabilízase do coidado do instrumento que emprega e non entorpece o labor dos compañeiros.	Ensaio e participación en audicións onde se apliquen estes contidos. (Observación traballo diario, 20%)	CCEC CAA
MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz. MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.	Todas as avaliacións. É este un labor en que a progresividade ben dada pola dificultade na súa consecución. Hai que procuralo desde o inicio de curso, e non deixar de vixiar a súa consecución até o final.	Canta de pe, recto e cunha correcta emisión da voz.	Ensaio e participación en audicións onde se apliquen estes contidos. (Observación traballo diario, 20%)	CCEC CAA
MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e	Todas as avaliacións. É este un labor en que a progresividade ben dada pola dificultade na súa	Interpreta correctamente a súa voz nas interpretacións propostas pola profesora	Empregarase como medio de avaliación, a observación do profesor e	CCEC CAA
interpretativas necesarias nas actividades de interpretación axeitadas ao nivel.	consecución. Hai que procuralo desde o inicio de curso, e non deixar de vixiar a súa consecución até o final. As dificultades iranse incrementando segundo as capacidades desenvolvidas nos estándares anteriores. Tanto referido a súa capacidade de lectura musical como as técnicas vocais-instrumentais corporais que fóronse desenvolvendo ao longo do curso.	Memoriza a súa parte para unha mellor interpretación Está atento a todas as indicacións que se faga polo director da interpretación, sexa a profesora, sexa un compañeiro. Interioriza o pulso e a obra, de tal xeito que é capaz de incorporarse a interpretación no caso de erro. Respectase os silencios tanto ao inicio da peza, como no medio e ao final. Non se culpabiliza os erros dos compañeiros. Asúmese de forma solidaria o resultado musical do conxunto.	as notas que tome sobre o conxunto e sobre a actitude individual. Empregarase tamén medios electrónicos como gravadoras, tablets ou móbiles para poder amosar e comentar co alumnado o resultado da súa interpretación. (Observación traballo diario, 20%)	
MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.	Todas as avaliacións. É este un labor en que a progresividade ben dada pola dificultade na súa consecución. Hai que procuralo desde o inicio de curso, e non deixar de vixiar a súa consecución até o final.	Comprende que os ensaios correctos son a mellor forma de preparar unha actuación Move se con precisión e de forma coordinada cos seus compañeiros Responsabilízase do coidado do instrumento que emprega e non entorpece o labor dos compañeiros. Utiliza e emprega a tensión para unha maior concentración no escenario	Ensaio e participación en audicións onde se apliquen estes contidos. (Observación traballo diario, 20%)	CCEC CAA
MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.	1ª avaliación Comprensión dos conceptos de repetición, imitación e contraste. 2ª avaliación Recoñecemento en obras propostas destes tres procedementos. Enumeración das características destes dous tipos de formas. 3ª avaliación. Creación de obras sinxelas (8, 16 ou 24 compases) nas que se empreguen os procedementos compositivos coñecidos.	Comprensión dos conceptos de repetición, imitación e contraste. Recoñecemento en obras propostas destes tres procedementos.	Ensaio e participación en audicións onde se apliquen estes contidos. (Observación traballo diario, 20%)	CCEC CAA
MUB1.5.2. Amosa unha	Todas as avaliacións. É este un labor en que a	Comprende que os ensaios correctos son a	Ensaio e participación en audicións	CSIEE

actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	progresividade ben dada pola dificultade na súa consecución. Hai que procuralo desde o inicio de curso, e non deixar de vixiar a súa consecución até o final.	mellor forma de preparar unha actuación Móvese con precisión e de forma coordinada cos seus compañeiros Responsabilízase do coidado do instrumento que emprega e non entorpece o labor dos compañeiros. Utiliza e emprega a tensión para unha maior concentración no escenario	onde se apliquen estes contidos (Observación traballo diario, 20%)	
O alumno con MÚSICA de 2º ou 3º ESO pendente debe realizar un *plan de recuperación de música pendente* deseñado especificamente que consta de 6 propostas de actividades que recollen contidos mínimos da materia e que deben ser entregados onde e como se indica. As propostas incluírán alomenos unha actividade das que a continuación se sinalan:

- Elaborar mapas conceptuais.
- Completar cadros de información.
- Facer resumos.
- Responder a cuestionarios.
- Interpretar individualmente ou en grupo unha partitura adecuada ó nivel.
- Identificar unha peza musical ou as características dun estilo.
- Crear unha coreografía.
- Realizar un traballo de investigación.

10.2.2. Prazos de entrega

- 1ª proposta: 2º recreo do primeiro luns á volta das vacacións de nadal no Aula de Música.
- 2ª proposta: 2º recreo do último luns de febreiro no Aula de Música.
- 3ª proposta: 2º recreo á volta das vacacións de Semana Santa no Aula de Música.

10.2.3. Profesorado responsable

O profesor de música actual en coordinación permanente co profesor que lle impartiu clase o ano anterior ou no seu defecto co xefe de departamento da asignatura será o encargado de indicar as datas de entrega así como as características do traballo e permanecerá a súa disposición para resolver as dúbidas.

10.2.4. Avaliación

Para superar a materia o alumno deberá obter unha nota media no global de tarefas de

5. En caso de superar o plan de recuperación, o alumno recuperará a materia coa nota media obtida nestas tarefas.

10.2.5. Proba extraordinaria de materias pendentas para 1º e 2º ciclo da ESO (2º e 4º de ESO)

A esta proba terán que presentarse os alumnos que non teñan superado o *plan de recuperación de música pendente*. Constará de dous apartados en cada un dos cales o alumno deberá acadar a metade da puntuación máxima:

- Apartado 1: proba escrita cun valor sobre a nota global dun 50%.
- Apartado 2: Interpretación instrumental ou vocal de pezas que así se determinen cun valor sobre a nota global do 50%

No caso de que non sexan requerido a realización da Apartado 2, o Apartado 1 terá un valor de 100% sobre a nota global.

As probas serán anunciadas nos taboleiros de avisos do centro e nas plataformas telemáticas que temos a disposición do alumnado (AV e outras plataformas posibles).

10.2.6. Recuperación materia pendentas Bacharelato

As Materias afectadas

As directrices que siguen afectan as materias de:

- 1º bacharelato: Linguaxe musical e práctica
- 2º bacharelato: Historia da música e da danza

A Recuperación de música pendente en Bacharelato constará de tres probas parciais. Cada proba constará de dous apartados en cada un dos cales o alumno deberá acadar

a metade da puntuación máxima:

- Apartado 1: proba escrita ou tarefa de reforzo previamente indicada polo seu profesor/a de referencia cun valor sobre a nota global dun 50%
- Apartado 2: Interpretación dunha peza instrumental ou vocal que se determine cun valor sobre a nota global do 50%

No caso de que non sexan requeridas á realización do Apartado 2, o Apartado 1 terá un valor de 100% sobre a nota global.

Datas das probas

As datas das probas anunciaranse no taboleiro da Aula de Música e os alumnado afectado será avisado a través do Aula Virtual.

- 1ª proba: 2º recreo do primeiro luns á volta das vacacións de nadal no Aula de Música. No caso de festivo a proba realizarare o seguinte día lectivo.
- 2ª proba: 2º recreo do último luns de febreiro no Aula de Música. No caso de festivo a proba realizarare o seguinte día lectivo.
- 3ª proba: 2º recreo á volta das vacacións de Semana Santa no Aula de Música. No caso de festivo a proba realizarare o seguinte día lectivo.

Profesorado responsable

O profesor de música actual en coordinación permanente co profesor que lle impartiu clase o ano anterior ou no seu defecto co xefe de departamento será o encargado de indicar os contidos e as características das probas e permanecerá a súa disposición para resolver as dúbidas.

Avaliación

O alumno deberá obter nas probas unha puntuación mínima de 4 sobre 10. A nota de recuperación da materia pendente será a que corresponda á media das calificacións.

10.2.7. Proba extraordinaria de materias pendentes para Bacharelato

A esta proba terán que presentarse os alumnos que non obtiveran unha nota media de 5 ou máis sobre 10 no global das probas parciais. Constará de dous apartados en cada un dos cales o alumno deberá acadar a metade da puntuación máxima:

- Apartado 1: proba escrita ou entrega de tarefas de reforzo previamente indicadas polo seu profesor de referencia cun valor sobre a nota global dun 50%
- Apartado 2: Interpretación instrumental ou vocal de pezas que así se determinen cun valor sobre a nota global do 50%

No caso de que non sexan requerido a realización da Apartado 2, o Apartado 1 terá un valor de 100% sobre a nota global.

10.3. Nota aclaratoria sobre as probas adaptando á posible semipresencialidade ou á vía telemática

Todas as probas sinaladas para o reforzo e recuperación da materia de música tanto no caso das probas teóricas coma as prácticas para as que realizarían gravacións de audio ou vídeo das pezas propostas serán deseñadas co obxectivo de poder ser realizadas de xeito telemático a través das ferramentas dixitas das que dispón o centro.

11. Metodoloxía e didáctica

Entendemos por metodoloxía o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados. Respetaremos a especial idiosincrasia da área de música no contexto xeral do currículo procurando non renunciar a formas de achegamentos distintivas das disciplinas artísticas que enriquezcan a variedade de actividades ó alcance do noso alumnado.

A coeducación, a aprendizaxe por imitación e entre iguais, a actividade musical máis que a reflexión, e o contacto real co mundo musical do noso entorno será o eixo central da nosa acción, priorizando o traballo en equipo e acentuando unha labor estimuladora na que o docente actúe como guía-mediador que propón e coordina a realización de tarefas e actividades en marcos flexibles que atenden a diversidade.

Tratarase de:

- Estimular un ensino activo e reflexivo.
- Experimentar, inducir, deducir e investigar.
- Variar as formas de traballo: individual, pequeno grupo e gran grupo.
- Empregar actividades e situacións próximas á contorna do alumno.
- Estimular a participación activa do alumno no proceso de ensino-aprendizaxe, fuxindo da monotonía e da pasividade.
- Propiciar situacións que esixan análise previa, toma de decisións e cambio de estratexias.

Ademáis empregaranse diferentes estratexias segundo os contextos de aprendizaxe:

- 1.- Técnicas de traballo en equipo, role playing, aprendizaxe cooperativa, debate dirixido/ discusión guiada, etc. para potenciar actitudes e valores, especialmente desde o punto de vista social.
- 2.- Contrato didáctico, traballo por proxectos, traballo por portafolios; co obxeto

de promover a autonomía, responsabilidade, iniciativa.

- 3.- Estudo de casos, aprendizaxe baseada en problemas, simulación, grupos de investigación, experimentos de laboratorio, exercicio e problemas, etc.; para promover aprendizaxe significativa (ao relacionar con coñecemento previo) e por descubrimento.
- 4.- Choivas de ideas, interrogación didáctica, técnicas audiovisuais como docu ou cinefórum, murais, etc.; coa finalidade de estimular o pensamento crítico e creativo para reformular os coñecementos.
- 5.- Tutoría curricular, ensino programado, tutoría entre iguais, etc. para atender á diversidade e personalizar o ensino

Noutros contextos priorizaranse metodoloxías de especial utilidade para o desenvolvemento da competencia da promoción da autonomía e da aprendizaxe significativa simulando situacións reais:

- Portafolio: Conxunto documental elaborado por un estudante que mostra a tarefa realizada e as capacidades adquiridas durante o curso nunha materia determinada.
- Contrato de aprendizaxe: Alumno e profesor de forma explícita intercambian opinións, necesidades, proxectos e deciden en colaboración a forma de levar a cabo o proceso de ensino-aprendizaxe e reflícteno oralmente ou por escrito. O profesor oferta unhas actividades de aprendizaxe, resultados e criterios de avaliación e negocia co alumno o seu plan de aprendizaxe.
- Aprendizaxe baseada en problemas: Enfoque educativo no que os alumnos, partindo de problemas reais, aprenden a buscar a información necesaria para comprender os devanditos problemas e obter solucións; todo iso baixo a supervisión dun titor.
- Estudo de casos: Técnica na que os alumnos analizan situacións profesionais presentadas polo profesor, co fin de realizar unha conceptualización experiencial e buscar solucións eficaces.
- Aprendizaxe por proxectos: Situacións nas que o alumno debe explorar e traballar un problema práctico aplicando coñecementos interdisciplinares.

12. Materiais e recursos didácticos

12.1 Material de aula

- Ordenador
- Ordenador Dixgal
- Pizarra dixital
- Pizarra pautada
- Pizarra branca tipo veleda de dobre lado (un pautado)
- Mesa de mesturas
- Altofalantes

- Cables variados para os aparellos eléctricos
- Microfonía
- Guitarra e baixo eléctrico con amplificadors
- Guitarra acústica
- 2 Guitarras españolas
- 5 ukeleles para prestamo ao alumnado e 2 de uso do profesorado
- 2 Pianos eléctricos (un mercado de segunda man e o outro con mais de 20 anos de antigüidade e colocado neste curso na aula de usos múltiples para as aulas de 21º de bacharelato)
- Teclado dixital
- Batería
- 1 frauta de bico de madeira e dúas de plástico de calidade media.
- Varias coleccións de discos e dvd totalmente en desuso na actualidade e unha pequena biblioteca de libros sobre distintos aspectos relacionados coa música
- Órgano de tubos percutivos construído con materiais de reciclaxe
- 3 xogos de instrumental ORF de placas e percusión indeterminada.
- Instrumentos de percusión variada (djembés, darbukas, shakers, pandeiretas...)

13. Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade, desde o punto de vista metodolóxico, debe estar presente en todo o proceso de ensino-aprendizaxe e levar ao profesor ou profesora a:

- Detectar coñecementos previos dos alumnos e alumnas.
- Ofrecer propostas de ensino individualizado, na que debe desempeñar un papel importante o traballo en situacións concretas.
- Procurar que os contidos novos que se ensinan conecten cos coñecementos previos e sexan adecuados ao seu nivel cognitivo (aprendizaxe significativa).
- Identificar os distintos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas e establecer as adaptacións correspondentes.
- Tentar que a comprensión do alumnado de cada contido sexa suficiente para unha adecuada aplicación e para enlazar cos contidos que se relacionan con el.
- A resposta educativa á diversidade é o eixo fundamental do principio da individualización do ensino. O tratamento e a atención á diversidade realízanse desde a formulación didáctica dos distintos tipos de actividades a realizar na aula, que poden ser:
 - Actividades de reforzo, que consoliden coñecementos básicos
 - Actividades finais para avaliar de forma diagnóstica e sumativa os coñecementos e procedementos que se pretende que alcancen os alumnos.

A especificidade da área de música pode funcionar como eficaz contrapeso curricular e favorecer a integración de alumnos con dificultades de aprendizaxe noutras materias. En relación ós coñecementos previos as diferencias entre alumnos na área de música adoitan ser moi marcadas. Responden ás características propias do ámbito artístico que é, sobre todo, o

seu aspecto creativo e, en consecuencia, cunha grande compoñente autodidacta. Esta creatividade responde sempre a unha forte motivación que leva a apoiar ese que van desde a participación en grupos de música (corais, bandas, música rock, tradicionais, ...) ata as actividades en centros de estudo musicais tanto regrados como non regrados. Todo isto relacionado co seu contexto familiar e socio-cultural.

A diversidade do noso alumnado no aula atende a diferentes niveis de:

- Competencia curricular, moi marcadas diferencias derivadas da participación.
- Desenvolvemento psicoevolutivo: e diferentes, condicións físicas e psicolóxicas variadas que condicionan o seu desenvolvemento.
- Motivacións e intereses: derivado da autoaprendizaxe e propia sensibilidade.
- Ritmos de aprendizaxe
- Estilos de aprendizaxe: activo, reflexivo, teórico, pragmático.
- Contextos socioculturais: Ambientes familiares ou sociais desfavorecidos ou enriquecedores, minorías étnicas ou culturais, emigrantes...

Atendendo ao exposto as medidas de atención á diversidade plantexanse en tres ámbitos:

a) Ámbito estrutural. Derivado dos agrupamentos escolares (grupos bilingües, programas de Mellora do Aprendizaxe e do Rendemento...)

b) Ámbito de intervención educativa. Todo alumno ou alumna que se atopa no tramo educativo obrigatorio ten dereito a recibir un ensino adaptado que lle permita progresar en función das súas capacidades e con arranxo ás súas necesidades, sexan ou non especiais. A intervención educativa basearase en principios como:

- Atención pedagóxica individualizada
- Partir do nivel de desenvolvemento do alumno
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas
- Capacidade de creación e modificación de estruturas mentais
- Capacidade de aprender a aprender. Educación permanente.
- Actividade creativa e intelectual

c) Ámbito curricular. Asumindo a diversidade dende o propio desenvolvemento curricular que se adapta ao contexto, o currículo será aberto e flexible, adecuando o currículo oficial ás peculiaridades do noso centro, o que implica:

- Programación de aula dirixida ao grupo de alumnas e alumnos

- Adaptacións curriculares individuais
- Titorización individualizada
- Metodoloxía adaptada
- Avaliación continua. Indicadores de calidade.
- Apoios, reforzos, agrupamentos flexibles
- Optatividade (en secundaria)
- Programas de diversificación e PMAR.

14. Contribución da área de música ao Plan Lector en ESO

Ademáis dun achegamento compartido co resto das materias do currículo no tocante a lectura e comprensión lectora no tratamento da información, a área de música en canto que desenvolve unha linguaxe específica -a linguaxe musical- pode contribuir dun xeito moi significado ó fomento da lectura a través da súa aprendizaxe. A alfabetización musical xeralizada no país é un obxectivo aínda moi alonxado, un elemento de control suficiente para medir a distancia que no tocante á música existe todavía cos países centroeuropeos.

14.1. Obxectivos

- Identificación e comprensión dos distintos elementos que conforman a linguaxe musical..
- Lectura, entoación e interpretación de partituras adecuadas ó nivel.
- Adquisición de fluidez lectora na interpretación a primeira vista de partituras adecuadas ó nivel.
- Uso das bibliotecas como recurso didáctico esencial.
- Fomento de lectura relacionadas co mundo da música: comic, novela, conto...

14.2. Contidos relativos ao Plan Lector en 2ºe 4º ESO

Se traballará a lectura, entoación e interpretación de partituras graduadas en dificultade que integren os seguintes elementos:

- Clave de sol en 2ª línea

- Compases de dous, tres e catro por catro.
- Figuras e silencios agrupadas de tal xeito que inicien e completen os pulsos ou subdivisións de pulsos dun compás determinado.
- Ligaduras e puntiños
- Armaduras sen alteracións e ata dous sostidos ou bemoles
- Notas ocupando as alturas dentro dun pentagrama ata una línea adicional por debaixo do mesmo.
- Intervalos armónicos e monódicos maiores menores e xustos.
- Acordes tríadas maiores, menores e xustos

14.3. Temporalización

20 minutos á semana repartidos nunha sesión ou en dúas. Hora de Ler unha vez a semana

15. Contribución ás novas tecnoloxías (TICS)

A área de música atópase nunha á vangarda no uso e tratamento das tecnoloxías da información e comunicación. Tanto na ESO como no BACHARELATO faise un uso intensivo progresivo e racional das ferramentas dixitais á disposición dos alumnos a través de titoriais sinxelos de feito que normalizan a creación de contidos nestes soportes. O uso da aula de informática convértese nun espazo máis a disposición dos alumnos para desenvolver as tarefas das distintas materias e explotar a potencialidade dos novos programas.

A continuación relacionamos algunhas das ferramentas máis empregadas:

De tratamento de texto:

- Open office e programas asociados De audio e video:
- Edición de partituras: musescore
- Edición de video: avidemux
- Edición de audio: audacity, LMMS
- Diseño de audio: Pure Data, Supercollider

- Análise de audio: Spear De creación de contidos en rede:
- Blogs: Blogspot
- Muros virtuais: Koowall, wallwisher, padlet
- Mapas conceptuais: Text 2 Mind Map, Bubble.us, Gliffy, Popplet, Wise Mapping, Creately
- Test e cuestionarios: playbuzz, webquest, exelearning
- Traballo en rede: tipo drive, dropbox...

De búsqueda e selección de contidos:

- Diferentes exploradores e complementos: Firefox,
- Plataformas tipo youtube, vimeo...
- Plataformas en streaming: filmin, spotify e outro

Obtense un aproveitamento didáctico de hardware a súa disposición: teléfonos móbiles, tabletas ordenadores...

Asimesmo no aula está a disposición do alumnado instrumental acústico e electrónico: secuenciadores, guitarras eléctricas, teclados, mesas de misturas...

16. Actividades complementarias e extraescolares

Así as actividades complementarias e extraescolares propostas polo Departamento de Música á vicedirección foron as seguintes:

Actividades Complementarias:

- Visita dun músico invitado
- Participación do alumnado na Radio Escolar
- Asistir a un teatro a ver un musical.
- Participación do alumnado no Proxecto de Fotografía e Música.
- Interpretación de pezas vogais y/ou instrumentais do alumnado nos Festivais que se celebren no centro.

Actividades Extraescolares:

- Visita co alumnado de música de 1º de Bach á ESAD (Escola de Arte Dramático de Galiza)
- Visita aos estudos da TVG

17. Criterios para avaliar a programación e a propia docencia

17.1. Procedementos

Os resultados da avaliación e a propia programación analízanse nas reunións de departamento. Acórdase a adecuación de contidos e metodoloxías, analízase os resultados das probas e actividades de avaliación, se comparten impresións sobre os resultados das actividades desenvolvidas e se implementan cambios e melloras derivados de estas análises.

A planificación parte da análise en 4 niveis:

- Normativa do currículo: contidos, competencias, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe avaliábeis e orientacións metodolóxicas
- Institución: proxecto educativo e directrices académicas do centro escolar
- Departamento e profesor: coordinación entre profesores, experiencia e coñecementos propios, modelo de ensino, proxecto docente, etc.
- Familias: características sociolóxicas do entorno dos alumado.
- Alumnado: necesidades e intereses e compromisos dos mesmos coa súa aprendizaxe.

17.2. Criterios

Os criterios que se empregan na mellora da programación didáctica verifican os seguintes indicadores:

- Claridade na expresión do currículo das materias asignadas ó departamento e dos regulamentos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha dos ensinos e etapas educativas.
- Capacidade de ofrecer comparabilidade á administración e á comunidade escolar.
- Calidade, exactitude e utilidade da información que se ofrece.
- Adequación da metodoloxía os obxectivos que correspondan .
- Adequación da temporalización nas actividades propostas.
- Interese do alumnado nos contidos e actividades.

- Éxito educativo das actividades programadas.
- Permeabilidade que favoreza a atención á diversidade.

18. Seccións bilingües Música 2º e 4º da E.S.O.

Centro: I.E.S. Salvaterra de Miño

Materia: Música

Curso: 2º e 4º Educación Secundaria Obrigatoria

Profesorado:

Eva Fernández (2º e 4 da ESO)

Reunión de coordinación:

Unha reunión semanal en cada nivel co profesor encargado de impartir a materia de Lingua Inglesa en 2º e 4º da ESO e ademais co profesor de Matemáticas en 3º da ESO onde se imparten as dúas materias en Inglés .

Alumnado:

Alumnado escollido en base aos criterios establecidos polo centro que elixe libremente a opción de estudar a materia de Música en Inglés.

Obxectivos

Os obxectivos didácticos que o profesorado implicado neste proxecto pretenderá conseguir son os seguintes:

Utilizar o idioma inglés como vehículo de comunicación oral entre o profesor e o alumnado. Potenciar o interese do alumnado hacia diferentes países e culturas a través de manifestacións artísticas.

Afianzar a motivación do alumnado hacia o aprendizaxe dunha lingua estranxeira. Estimular a escoita activa, tanto musicalmente como lingüísticamente.

Interpretar vocalmente música significativa de outras culturas e períodos da Historia.

Estos obxectivos serán abordados dunha forma xeral en todas as actividades da aula bilingüe, aínda que determinados contidos poidan favorecer á consecución de obxectivos específicos.

Os obxectivos descritos non entran en contradicción cos obxectivos de área de lingua estranxeira implicada no proxecto.

Contidos

Os contidos desta Sección Bilingüe, serán similares ós programados polo Departamento de Música para o mesmo nivel educativo, polo que cómpre unha programación didáctica

eficiente para conseguir os obxectivos pretendidos.

As primeiras unidades de contidos programadas, serán un repaso e profundización de contidos similares do pasado curso, utilizando as expresións xa asimiladas.

Durante o primeiro trimestre, se traballarán grupos semánticos significativos da asignatura, co seu correspondente uso en inglés. Partirase dos conceptos xa coñecidos e incrementarase o uso de

vocabulario específico así que avance o curso. O vocabulario específico refírese a expresións habituais de uso diario na aula de música, non a termos musicais de pouco uso fora do ámbito musical profesional.

Secuenciación:

Mesma secuenciación que nos demais grupos do curso.

Estratexias metodolóxicas

Seguiránse os seguintes principios básicos para a programación e diseño das actividades de aula:

a) Avaliación inicial

Durante o mes de setembro, cómpre unha preavaliación precisa do alumnado participante na nova Sección Bilingüe. Esta avaliación inicial será deseñada atendendo a dous obxectivos ben diferenciados:

Valoración do nivel lingüístico co que parte o alumnado. Evaluaranse os coñecementos idiomáticos estudados no pasado curso. Despois farase unha proba xeral de coñecementos do idioma.

Atenderase nesta probas iniciais ó carácter de oralidade que esta sección bilingüe pretende incentivar. Por conseguinte, serán principalmente probas orais e de escoita as que se lle esixan ó alumnado. O resultado deberá guiar ó profesorado sobre cáles son as prioridades e contidos básicos a nivel lingüístico que se deben afrontar.

Valoración do nivel musical do alumnado. Neste sentido faranse as mesmas probas por escrito que ó resto do alumnado, coa finalidade de coñecer as deficiencias e virtudes dos alumnos no que respecta á música.

Unha vez analizados os resultados das probas de preavaliación, farase unha programación de contidos axeitada á realidade do alumnado e cumprindo ós criterios que a administración sinala para tal fin. Esta programación será concluída nos últimos días de setembro. Na mesma se fará mención específica á sección bilingüe e será consensuada polos profesores e coordinadores participantes.

b) Terminoloxía específica

Ó igual que no pasado curso, o alumnado deberá dominar unha linguaxe específica relacionada coa música. Serán expresións, palabras, frases que normalmente se utilizan no contexto da aula de música, e que resultarían útiles na formación lingüística do alumno. Durante o 3º curso evitouse a utilización dun vocabulario musical moi específico no idioma inglés, xa que a súa aprendizaxe non sería prioritaria e podería entorpecer a asimilación de vocabulario máis básico e útil. Éste debe seguir sendo unha premisa á ter en conta, aínda que unha vez asentada unha base sólida, cómpre por parte do profesorado unha maior esixencia, conseguindo deste xeito unha perfecta atmósfera bilingüe dentro das clases.

c) Atención prioritaria á entonación.

Posto que na asignatura de música se traballan principalmente con actividades de

escoita, farase unha analoxía có linguaxe, esixindo sempre unha correcta pronunciación. Sinalarase en todo momento a riqueza fonética do idioma inglés así como posibles diferencias puntuais entre as dúas variantes máis universais, a inglesa e a americana.

d) Potenciación da expresión oral.

A principal utilización do idioma inglés farese dun xeito oral. Deste xeito fomentamos unha práctica directa do idioma coa súa conseguinte motivación do alumnado. Os contidos máis prácticos da asignatura de Inglés veranse deste xeito apoiados nas clases de música dunha forma directa. Será labor conxunta do profesor de música e do coordinador, a de asegurar unha coherencia nas expresións á empregar na aula bilingüe.

e) Utilización de material bibliográfico e audiovisual no idioma inglés.

Gracias á importancia deste idioma, existen gran número de materiais musicais en inglés ó alcance do profesor. Será labor primordial por parte do profesorado de facer unha selección do mesmo segundo os seguintes criterios:

Recursos musicais pedagóxicos ou científicos.

Recursos didácticos adaptados para o nivel educativo do alumnado. Nivel lingüístico similar ao do alumnado.

Acceso e posibilidades do alumnado de utilización do material no seu entorno.

Avaliación do proxecto

Ó final de cada trimestre o profesorado implicado no proxecto, avaliará a consecución dos contidos programados. Estableceranse ferramentas avaliativas apropiadas: presentacións orais, formulación de preguntas e respostas en inglés, debates, creación de programas de radio (podcast).

Na memoria final de curso reflectirase o nivel de consecución dos obxectivos programados.

19. Comunicación Audiovisual 2º Bacharelato

Introdución

A materia aborda unha análise do proceso de creación audiovisual, nas fases de pre-produción, produción e post-produción. Integraranse contidos teóricos, cun enfoque aberto e multidisciplinar, e exercicios prácticos, centrados principalmente na videocreación, dando a posibilidade ao alumnado de que se inicie dunha forma autónoma no mundo da produción e realización audiovisual.

Hoxe en día as ferramentas básicas para realizar vídeos sinxelos e publicalos vía internet están ao alcance de todo o mundo. A materia permite achegar os coñecementos necesarios e a capacidade de análise crítica ao alumnado de bacharelato para que podan ter un papel activo nese ámbito e saiban acceder aos recursos necesarios, sendo conscientes da necesidade de respectar os dereitos das persoas.

A posibilidade de incorporar materiais alleos abre a porta á utilización de recursos que de outro modo serían inaccesibles. O coñecemento dos dereitos de autor e das distintas licenzas de libre distribución é fundamental para que a incorporación destes recursos e a posterior difusión dos vídeos sexa feita de acordo coa legalidade vixente.

A creación audiovisual supón necesariamente un traballo en equipo. Incide

especialmente en desenvolver estratexias de planificación, de previsión de recursos, de anticipación e avaliación de resultados. Deste xeito, sitúa o alumnado ante un proceso que o obriga a tomar decisións de maneira consensuada, ate converter a idea inicial nun produto acabado. A materia fomenta o espírito creativo, a experimentación, a investigación e a autocrítica inherentes a todo proceso de creación.

A elaboración dun roteiro, a creación de personaxes e a interpretación dos mesmos, anticipando a gravación do vídeo, permite comprender o potencial creativo do audiovisual e aplicar coñecementos adquiridos noutras materias.

A comunicación audiovisual enriquece a capacidade comunicativa, dado que permite facer uso duns recursos específicos para expresar ideas, sentimentos e emocións. O alumnado aprende a observar e percibir, e desde o coñecemento da linguaxe visual, a apreciar os valores estéticos e culturais das producións audiovisuais do propio patrimonio cultural e do alleo.

Do mesmo modo a aprendizaxe dos aspectos técnicos fundamentais para o manexo das cámaras, os micros, a iluminación e posteriormente, a edición dixital de vídeo permitirá coñecer as capacidades e tamén as limitacións dos recursos técnicos dispoñibles, e valorar as posibilidades que o equipamento profesional ofrece ás persoas que traballan na realización audiovisual.

A edición dixital de vídeo mediante programas informáticos permite catalizar nun produto audiovisual todo o material de imaxe e son de produción propia ou allea de que se dispón para tal efecto. Neste punto é onde se verifica se as previsións foron adecuadas e o alumnado toma conciencia dos erros e os acertos que ocorreron nas etapas anteriores. A capacidade de adaptación e resolución de problemas, presente en todo o proceso, é decisiva para que o resultado final cumpra as expectativas.

A elaboración propia de material audiovisual aumenta necesariamente a capacidade analítica do alumnado en relación aos produtos audiovisuais emitidos polos medios de comunicación de masas. Coñecendo as características propias destes medios e a influencia que teñen na sociedade poderán elaborar un criterio propio sobre os distintos produtos audiovisuais e desenvolver unha conciencia crítica e selectiva.

A materia impartirase nun curso académico, coa intención de servir de base ao alumnado tanto para cursar estudos posteriores relacionados coa comunicación audiovisual, como para aplicar os recursos adquiridos a calquera outra área do coñecemento na que pretendan formarse.

2º de bacharelato

Comunicación audiovisual. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Producións audiovisuais				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ h ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Produción audiovisual. Fases do proceso. Axentes que interveñen. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B.1.1. Recoñecer as tarefas correspondentes á pre-produción, produción e post-produción. ▪ B.1.2. Identificar a función dos distintos profesionais que interveñen nas producións audiovisuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ AUB1.1.1. Analiza a visión do mundo do cine en películas representativas. ▪ AUB1.2.1 Analiza un proceso de rodaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ d ▪ g ▪ h ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Difusión da obra audiovisual. A propiedade intelectual. Dereitos de autor. Libre distribución e dominio público. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B.1.3. Coñecer e valorar os dereitos das persoas e dos autores de obras audiovisuais. ▪ B.1.4. Identificar as distintas licenzas de libre distribución e acceder a recursos dispoñibles a través de internet. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ AUB1.3.1. Accede a recursos sonoros de dominio público e de libre distribución. ▪ AUB1.4.1. Busca información sobre a SGAE e sobre as licenzas cc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ n ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Tipos de obras audiovisuais. O cine de ficción, o cine documental e a videocreación. Os xéneros cinematográficos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Analizar os recursos expresivos e estéticos propios dos distintos tipos de producións audiovisuais e identificar o xénero ao que pertencen. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ AUB1.5.1. Analiza producións audiovisuais identificando os distintos xéneros, e os recursos propios de cada un. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ c ▪ b ▪ d ▪ e ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Creación de personaxes. Descrición física e psicolóxica. Cuestionario de Proust. ▪ B1.5. Interpretación de personaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Analizar os aspectos característicos das personaxes protagonistas dunha obra. ▪ B1.7. Definir pomenoradamente unha personaxe inventada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ AUB1.6.1. Describe detalladamente as personaxes protagonistas dunha obra audiovisual. ▪ AUB1.7.1. Inventa unha personaxe partindo do cuestionario de Proust. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC


Comunicación audiovisual. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. Interpretar unha personaxe determinada a partir dun roteiro. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ AUB1.8.1. Realiza exercicios de interpretación e improvisación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ c ▪ d ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. O roteiro. Sinopsis. Escaleta. Roteiro literario, roteiro técnico e storyboard. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.9. Identificar en obras cinematográficas de relevancia a súa estrutura narrativa. ▪ B1.10. Concretizar unha idea nun roteiro literario estruturado e viable. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ AUB1.9.1. Analiza a estrutura narrativa dunha obra audiovisual. ▪ AUB1.10.1. Realiza unha sinopse e unha escaleta para unha obra audiovisual. ▪ AUB1.10.2. Escribe o guión literario dunha curtametraxe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CAA ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Recursos de estilo. Relacións espazo-temporais na narración audiovisual. Flashforward e flashback. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.11. Analizar a importancia narrativa dos recursos de estilo na construción narrativa cinematográfica e utilízalos adecuadamente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ AUB1.11.1. Recoñece e analiza o significado narrativo dos recursos de estilo, como o flashback e o flashforward en obras audiovisuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
Bloque 2. Imaxe e son				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ i ▪ j ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Fundamentos perceptivos da imaxe en movemento. Ilusión de movemento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Comprender a técnica de sucesión de imaxes fixas para simular movemento. E coñecer os inventos precursores do cine. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ AUB2.1.1. Realiza fotografías secuenciais para simular o movemento de obxectos inanimados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Características técnicas da imaxe cinematográfica e videográfica. ▪ B2.3. Manexo da cámara. Tipos de obxectivas, balance de brancos, exposición e enfoque. Accesorios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Diferenciar a calidade da imaxe, os formatos e as variacións na luminosidade, saturación e matiz. ▪ B2.3. Comprender o funcionamento da cámara e saber adaptar as distintas funcións para conseguir o resultado adecuado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ AUB2.2.1. Analiza as diferenzas entre imaxes captadas con gran angular e con tele-obxectiva. ▪ AUB2.3.1. Realiza gravacións en interiores e exteriores axustando os parámetros da cámara manualmente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ i ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. A iluminación no audiovisual. Temperatura de cor. Fontes de luz e accesorios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Recoñecer o valor expresivo da iluminación e as posibilidades dos recursos técnicos utilizados na iluminación de escenas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ AUB2.4.1. Valora a función expresiva da iluminación en obras audiovisuais representativas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Linguaxe audiovisual. Encadramento e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Identificar os tipos de plano polo seu 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ AUB2.5.1. Modifica o encadramento dunha 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC

Comunicación audiovisual. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ c ▪ j ▪ n ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ composición. Angulación. Movements de cámara. ▪ B2.6. Continuidade na imaxe audiovisual. Problemas máis frecuentes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ encadramento e valorar as características expresivas de cada un. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ imaxe dada e comparar as características expresivas de ambas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CSIEE
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6. Identificar a angulación e o movemente de cámara utilizados nun plano determinado. ▪ B2.7. Valorar a importancia da continuidade na imaxe audiovisual e recoñecer os problemas nunha gravación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ AUB2.6.1. Analiza os tipos de plano, ángulos e movementos de cámara nunha obra audiovisual. ▪ AUB2.7.1. Realiza a gravación dunha curtametraxe escollendo correctamente os planos adecuados en cada escena. 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ j ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Características técnicas do son. Gravación de audio. Sistemas de captación microfónica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. Coñecer o equipamento utilizado na gravación de audio e as consideracións necesarias para a gravación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ AUB2.8.1. Realiza gravacións en distintos ambientes e valora os resultados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ j ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8.A linguaxe sonora. A relación entre a imaxe e o son, intencións expresivas e comunicativas. ▪ B2.9.As capas de audio: voces, efectos sonoros, son de ambiente e música. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.9. Identificar e analizar a función dos elementos sonoros nunha obra audiovisual, comprendendo a relación entre a imaxe e o son. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ AUB2.9.1. Analiza o valor funcional, expresivo e comunicativo dos recursos sonoros empregados nunha produción audiovisual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ AUB2.9.2. Grava diversos efectos sonoros para utilízalos nun audiovisual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ i ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.10. Dobraxa e playback. Aplicacións nas obras audiovisuais. As voces no cine de animación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.10. Valorar a utilización da dobraxe e do playback en determinados contextos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ AUB2.10.1. Analiza o efecto da dobraxe nunha película, comparándoa coa versión orixinal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.11. Coñecer as posibilidades da modificación dos elementos sonoros nunha obra audiovisual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ AUB2.11.1. Realiza unha dobraxe dun fragmento dunha obra audiovisual, inventando un diálogo diferente que se adapte á imaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ j ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.11. Os efectos especiais nas producións audiovisuais. Noite americana, croma e efectos dixitais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.12. Valorar a complexidade técnica na fabricación de efectos para producións audiovisuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ AUB2.12.1. Analiza a aplicación dos efectos especiais no cine. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.12. Edición dixital de audiovisuais. Continuidade e ritmo. Efectos, transicións e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.13. Analizar os procesos técnicos que se realizan na edición de vídeo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ AUB2.13.1. Analiza o ritmo dun anuncio televisivo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD

Música e tecnoloxía

Si hai algunhas aprendizaxes que se reforzaron e adquiriron incluso máis do que terían sido no ensino presencial, estas foron as relacionadas co uso da tecnoloxía. A necesidade de ferramentas para a gravación do son fixo que os aspectos tecnolóxicos que normalmente teñen pouco peso no traballo diario fosen consolidados durante este período. Traballamos con programas de gravación de son e imaxe e aprenderon técnicas para a edición. Outro apartado reforzado en relación á tecnoloxía é o relacionado con aulas e plataformas para o ensino virtual (pouco empregadas ata o momento no aula de música).

En Salvaterra de Miño, 30 de setembro de 2020

A handwritten signature in blue ink, appearing to be 'Fernando Abreu Fernández', written over the printed name below.

Fernando Abreu Fernández